



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 - 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

www.pontecesures.org / concello@pontecesures.org

BASES DO III CONCURSO DE DECORACIÓN "NADAL EN PONTECESURES" 2019

1. OBXECTO

Novamente, o Concello de Pontecesures, organiza nesta ocasión o III Concurso de Decoración "**Nadal en Pontecesures**", dirixido ás asociacións, colectivos e particulares do concello de Pontecesures cos seguintes fins:

- Dinamizar a participación activa dos cidadáns de Pontecesures.
- Colaborar en difundir un ambiente do Nadal decorativo baseado en valores como o traballo en común, a fraternidade ou a cooperación.
- Contribuír ao aforro económico ao redor de materiais de decoración do Nadal e dispoñer de elementos decorativos que acheguen á localidade unha contorna do Nadal acolledora e ilusionante.
- Dar protagonismo activo aos cidadáns e colectivos como fonte de desenvolvemento e intervención comunitaria na localidade.
- Fomentar aqueles valores locais que queden expostos nos distintos elementos decorativos do Nadal.
- Fomentar o uso de materiais reciclables como recurso educativo á cidadanía a través da transformación do espazo.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar as asociacións, colectivos ou particulares do concello de Pontecesures e que realicen a súa montaxe dentro do propio termo municipal: Comunidades de veciños, fachadas de edificios, lugares, rúas ou prazas.

3. PROXECTOS DE DECORACIÓN

Cada participante poderá presentar a concurso, unha única decoración. Os participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración ao concello de Pontecesures

A decoración terá que ter relación coa festividade de Nadal e os motivos tradicionais da mesma, tendo os participantes plena liberdade en canto a técnica e estilo.



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 - 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

www.pontecesures.org / concello@pontecesures.org

4. MATERIAIS EMPREGADOS

Para a decoración do Nadal poderanse empregar todo tipo de materiais que os participantes consideren oportunos, así como materiais provintes da natureza ou outro medio natural, especialmente materiais de reciclaxe. Poderanse empregar así mesmo elementos de decoración iluminativos.

5. INSCRICIÓN

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as súas inscricións, dacordo con **anexo I** destas bases, dende a publicación na web do Concello de Pontecesures **ata o 13 de decembro de 2019**, sendo a recollida de inscricións así como a súa entrega das seguintes maneiras:

- Nas oficinas centrais do Concello de Pontecesures, de luns a venres en horario de rexistro (9.00-14.00 h.).
- Na dirección de correo electrónico: xuventude@pontecesures.org, na que se enviará o formulario de inscrición debidamente cumprimentado.

As inscricións deberán ir debidamente cumprimentadas, atopándose as bases do concurso e os citados formularios (anexo I) na páxina web do Concello www.pontecesures.org

6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos realizarase por cada participante. Os elementos decorativos do Nadal deberán estar preparados o luns 16 de decembro de 2019, momento a partir do cal poderá realizarse a visita do xurado e non poderá desmontarse antes do martes 8 de xaneiro 2020, ao obxecto de que poidan contemplarse durante as festas do Nadal.

A fin de evitar alteracións posteriores ó peche do período de presentación a concurso das obras, o propio día 16 de decembro de 2019 realizarase unha reportaxe fotográfica de cada obra presentada a concurso a fin de que se contraste polo xurado o día da visita para avaliar as obras a concurso.

No caso de que se producise algún tipo de dano do material empregado durante o período de exposición, este será responsabilidade do colectivo ou particular que montou a decoración sendo o competente para a súa corrección.

Nas obras e decoracións expostas deberá reflectirse o nome do concurso **"Nadal en Pontecesures"**.



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 - 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

www.pontecesures.org / concello@pontecesures.org

7. ENTIDADE ORGANIZADORA

O organismo encargado do deseño, organización e avaliación do concurso será o Concello de Pontecesures, cara a onde se dirixirán aquelas posibles incidencias, comunicados, etc. que xurdisen durante a celebración do mesmo.

8. XURADO

O xurado estará composto por membros de colectivos empresariais, comerciais e/ou profesionais con experiencia en actividades artísticas, decoración, ou calquer outra con relación ó obxecto do concurso. O xurado fallará os premios por maioría simple.

O Xurado visitará as decoracións do Nadal das distintas asociacións, colectivos ou particulares antes do 30 de decembro. Na devandita visita haberá de estar presente un representante da Asociación ou colectivo ou cidadán que se presentou de forma individual.

9. VALORACIÓN

Para a valoración dos elementos decorativos do Nadal de cada Asociación, colectivo ou particular, o Xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Iluminación.
- d) Fomento dos valores locais.
- e) Cantidade e tipoloxía de materiais reciclables empregados.
- f) Contido didáctico do proxecto.

Cada membro do Xurado puntuará a decoración visitada de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do citado xurado, dará lugar aos gañadores do concurso.

En caso de empate, volverá puntuar, pero nesta ocasión puntuarase do 1 ao 3, así sucesivamente ata que haxa un claro gañador.

Os concursantes comprométese a aceptar a decisión do Xurado cuxo fallo será inapelable.

Se por algún motivo non se puidese visitar a decoración inscrita por non atopar a ninguén no lugar onde está exposto **NON SE REPETIRÁ A VISITA**, considerándose fora de concurso.



CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 - 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

www.pontecesures.org / concello@pontecesures.org

10. PREMIOS

Establecense 3 premios en función da valoración do xurado:

1º premio.....170 €

2º premio.....120 €

3º premio.....60 €

11. ENTREGA DE PREMIOS:

A entrega de premios realizarase na Casa do Concello de Pontecesures publicándose a data de entrega na páxina web do Concello e sendo comunicado previamente ós gañadores.

A inscrición neste concurso implica a aceptación expresa das súas bases na súa totalidade.